

## **PLENO DO EXCMO. CONCELLO .- Núm. 20**

### **CONVOCATORIA**

ORDE DO DIA para a sesión ordinaria que terá lugar o día vinte e cinco de outubro de 2010, ás nove HORAS, no salón de Plenos deste Concello.

### **PARTE RESOLUTIVA**

- 1.- Actas anteriores .** (Sesión ordinaria do 28.06.2010).
- 2.- Declaracións institucionais.**
- 3.- Ditames das comisións informativas:**

#### **XESTIÓN MUNICIPAL**

- 3.1.- Dar conta do Estado de Execución terceiro trimestre 2010.
- 3.2.- Modificación orzamentaria nº 117/2010, crédito extraordinario. Expte. 57541/301.
- 3.3.- Incremento das partidas 3420.1300102 e 3420.1300101 do Instituto Municipal dos Deportes. Expte. 9830/333.
- 3.4.- Proposta de apoio á candidatura de ingreso de D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Xosé Queizán Vilas na Real Academia Galega. Expte. 4606/224.

#### **URBANISMO**

- 3.5.- Incoación de expediente de modificación do PEPRI Casco Vello para o ámbito definido como A Panificadora. Expte. 997/400.

**4.- Proposicións mencionadas no artigo 63 do regulamento do Pleno.**

**5.- Mocións:**

5.1.- Moción do Grupo municipal do BNG relativa ó apoio ó estaleiro Vulcano. (Rexistro Pleno nº 56).

5.2.- Moción do Grupo municipal Socialista relativa á licitación do novo hospital de Vigo.

5.3.- Moción do Grupo municipal Socialista relativa ó Noitebús.

5.4.- Moción do Grupo municipal do Partido Popular solicitando instar ó Ministerio de Industria axudas para o estaleiro Vulcano. (Rexistro Pleno nº 48).

5.5.- Moción do Grupo municipal do Partido Popular instando ó Goberno da nación a levantar o veto á Proposición de lei presentada polo Grupo parlamentario Popular para que non se conxelen as pensións no 2011. (Rexistro Pleno nº 49).

5.6.- Moción do Grupo municipal do Partido Popular solicitando do Goberno de España a modificación do proxecto de orzamentos para o ano 2011. (Rexistro Pleno nº 50).

**6.- Asuntos urxentes.**

**PARTE DE CONTROL**

**1.- Toma de coñecemento dos acordos ou resolucións doutros órganos municipais ou de informes ou escritos que así o requiran.**

1.1.- Dar conta de resolucións da Alcaldía.

1.2.- Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as.

**2.- Coñecemento dos informes citados no art. 38.2.m.4º do Regulamento do Pleno.**

**3.- Comparecencias de membros da Corporación.**

**4.- Mocións.**

4.1.- Moción do Grupo municipal do Partido Popular solicitando que os aparcadoiros de Praza de Portugal e Porta do Sol pasen a seren

estacionamento para residentes. (Rexistro Pleno nº 51).

**4.a. Mocións urxentes**

**5.- Formulación de rogos.**

**6.- Formulación de preguntas.**

DECRETO DE CONVOCATORIA:

Examinada a relación de asuntos precedentes correspondentes ós expedientes conclusos para a súa inclusión na orde do día, convócase ó Pleno da Corporación para ter lugar sesión ordinaria no salón de Plenos ás NOVE HORAS do día vinte e cinco de outubro de 2010, para resolver os asuntos da devandita relación.

Se na primeira convocatoria non existira o quórum necesario, entenderíase convocada a sesión automaticamente á mesma hora dous días despois.

Notifíquese ós Sres. e Sras. membros da Corporación para a súa concorrencia puntual ó acto e fágase público no taboleiro da Casa do Concello ós efectos de información.

rs

O ALCALDE,

Vigo, 21 de outubro de 2010

A SECRETARIA XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Álvarez

M<sup>a</sup> Concepción Campos Acuña.